



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 164-2025.

XXXIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MEDIO MARATÓN

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 30 de novembro en Vilagarcía de Arousa, o Campionato Xunta de Galicia de Medio Maratón Absoluto, Sub 20, Sub 23 e Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 20 e superiores que teñan licenza en vigor pola FGA.

- Na competición por equipos poderán participar, tamén, atletas pertencentes a clubs de Galicia malia ter licenza en vigor por outra autonomía.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 24 de novembro.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal-chip outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase na explanada do auditorio municipal <https://maps.app.goo.gl/8ZpFSXAsvcS4BBsk6>
 - o Sábado 29 de 18:00 a 20:00 horas.
 - o Domingo 30 de 08:30 a 9:45 horas.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas.

- Estará sita a carón da saída da proba.
- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.
- Peché da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Horario, lugar de saída e tempo límite: [\(anexo co plano ao final do documento\)](#)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	CARREIRA	PECHE* CONTROL
10:05	10:20	10:30	Medio Maratón	2h30'

*Todo/a atleta que supere este tempo será retirado/a da competición sen posibilidade de entrar na clasificación final.

Localización da saída:

- ❖ Avenida da Mariña (Vilagarcía de Arousa): <https://maps.app.goo.gl/c5ZN44zH6i2K5t4s5>



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.7).- Clasificación por clubs.

- Farase tomando como referencia a suma de tempos conseguidos polos/as tres primeiros/as atletas dun mesmo club (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a), saíndo vencedor o club que sume un menor tempo.
- No caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último/a corredor/a que puntúe quede mellor clasificado/a.
- Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non mixtos.

Art.8).- Entrega de premios.

- A entrega de premios realizarase a partir das 13:00 horas no auditorio municipal.
- Entregarase medalla aos/as tres primeiros/as atletas de cada categoría Sub 20, Sub 23, Máster e absolutos.
- Entregarase trofeo aos tres primeiros clubs masculinos e femininos.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 06 de outubro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Plano da proba

- A proba celebrarase sobre un percorrido a 3 voltas (1 pequena + 2 voltas grandes) homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

